

PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DE INFECCIÓN POLO SARS-CoV-2 CON TEST RÁPIDO DE ANTÍXENO EN SALIVA EN CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA. Dirección Xeral de Saúde Pública

Para máis información sobre o PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA pode consultar o documento das direccións xerais de Saúde Pública e Asistencia Sanitaria en <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Protocolos-vixilancia-control-epidemioloxico-COVID19-ambito-educativo-non-universitario>
[Protocolo para a detección de infección polo SARS-CoV-2](#)

<http://www.edu.xunta.gal>

INFORMACIÓN ACTUALIZADA COVID 19

1. As **persoas** da comunidade educativa que sexan **caso confirmado** deberán permanecer **7 días en illamento**.

Pasado este tempo, se non tivesen síntomas durante os 3 últimos días, poderán incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de síntomas ata completar os 10 días.

2. **Non se require de ningunha proba ou certificado para reincorporarse ao centro.**

3. É fundamental **non acudir ao centro** educativo se :

- Hai calquera **síntoma compatible con COVID 19**, estea ou non diagnosticado.
- Exista un **diagnóstico de COVID 19**.
- Ten indicada a **corentena** por parte dos servizos de saúde.

4. No caso de que se dean **casos no centro educativo** pódense dar dous **escenarios**:

CASOS ESPORÁDICOS

Ata 4 casos nunha aula ou contorna específica (ou menos do 20%) en 7 días.

AGRUPACIÓN DE CASOS

5 ou máis casos nunha aula ou nunha contorna específica (ou máis do 20%) en 7 días.

CASOS ESPORÁDICOS


Ante a aparición de casos esporádicos nunha aula non se identificarán contactos estreitos, polo que non se realizarán corentenas nin probas diagnósticas (agás persoas inmunodeprimidas).

AGRUPACIÓN DE CASOS

En caso de que se dea esta circunstancia o Equipo COVID do centro informará á Central de Seguemento de Contactos para que realicen o estudo do casos e tomen as medidas oportunas.

***Importante.-** Recorda **contactar** co centro por **teléfono (988422014)** ou **correo electrónico (ceip.ocastinheiro@edu.xunta.gal)** para **comunicar** calquera incidencia COVID.

ANEXO 2. CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO NO CENTRO EDUCATIVO



ANEXO 1. CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

